

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE MAIO DE 2022 POLA
QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE BOLSAS
ERASMUS+ PRÁCTICAS 2022-2023 A UNIVERSIDADE DE
VIGO**

ERASMUS+ é o programa da Unión Europea para a educación, formación, xuventude e deporte.

A Universidade de Vigo, é titular da *Erasmus Charter for Higher Education* que a faculta para participar no programa *Erasmus+*. As prácticas Erasmus+ están integradas dentro da Acción Chave (KA1) do dito programa.

A Universidade de Vigo dispón de financiación para tramitar bolsas de Erasmus prácticas no marco do proxecto 2020-1-ES01-KA103-078369, proxecto que remata a súa actividade o 31 de maio de 2023.

De existiren solicitantes con necesidades especiais, a súa bolsa tramitaríase con cargo a novo proxecto 2021-1-ES01-KA131-HED-000010549 pola posibilidade no marco deste proxecto de recibir financiación adicional.

En virtude da participación do programa Erasmus+ e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, e vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva de axudas para realizar, ao abeiro do programa Erasmus+, prácticas en empresas e organizacións situadas nalgún dos países membros da UE e tamén en Islandia, Liechtenstein, Noruega, República de Macedonia do Norte, Serbia e Turquía.
2. Ordenar a publicación da convocatoria e as bases que a regulan que figuran no Anexo I, no taboleiro da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> e no Portal de bolsas da WEB da Universidade.
3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, co gallo de poder executar mobilidades que poidan iniciarse en setembro de 2022.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA *ERASMUS+* PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓN 2022-2023

1. OBXECTO

Estas bolsas posibilitan a realización de estadias de prácticas formativas en empresas ou institucións doutros países europeos participantes no programa *Erasmus+* cos principais obxectivos de contribuír a que o estudantado se adapte ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria, desenvolva competencias persoais, específicas e lingüísticas e mellore a súa comprensión do entorno cultural, económico e social do país de destino.

Establécense 2 opcións:

1. Estudiantado da Universidade de Vigo para a realización de prácticas:
 - a. Curriculares: o/a titor/a de prácticas será o/a docente responsable da materia “prácticas externas”, quen indicará o número de créditos aos que equivalen as prácticas.
 - b. Extracurriculares: o/a titor/a poderá ser calquera docente do centro salvo instrucións expresas do centro no que estea matriculado o alumnado.
2. Persoas recentemente tituladas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Con carácter específico para cada opción:

Opción A: Estudiantado matriculado na Universidade de Vigo:

- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no momento de solicitar as prácticas en estudos conducentes á obtención dun título oficial e recoñecido en todo o territorio nacional, de grao, mestrado e terceiro ciclo quedando excluído da presente convocatoria o estudantado procedente de institucións estranxeiras que estean a gozar de calquera programa nacional ou internacional de mobilidade na Universidade de Vigo, así como o estudantado visitante. No caso de prácticas curriculares deberá estar matriculado na materia “prácticas externas” vinculada segundo o plan de estudos de que se trate.
- É necesario ter superado polo menos o 50% dos créditos de que conste a titulación. Este requisito non é aplicable para o alumnado de mestrado.

Opción B: Estudiantado recién titulado que solicite as prácticas durante o seu último ano de estudos:

- O estudantado recién titulado tamén poderá participar no programa *Erasmus+* Prácticas, **sempre e cando solicite a súa participación no programa durante o último curso dos seus estudos oficiais na Universidade de Vigo** e a súa estadía se leve a cabo no período máximo dun ano dende a súa graduación.

Con carácter xeral:

- Contar coa carta de aceptación da empresa/institución onde se realizarán as prácticas.

- Posuír a nacionalidade dalgún dos estados membros da UE, dos tres países integrantes do Espazo Económico Europeo (Islandia, Noruega e Liechtenstein) e Serbia, Turquía e República de Macedonia do Norte. Non poderá solicitarse un país de destino no que se teña a residencia.
- Tamén poderá participar o estudiantado, que, non sendo nacional dun dos países participantes, acredite un permiso de residencia válido para residir en España durante todo o período de realización da mobilidade. Non manter relación contractual coa empresa/institución proposta para realizar as prácticas.
- Informe favorable da persoa titora acreditando a relación das prácticas cos estudos da persoa solicitante.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas en quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro *Lei Xeral de Subvencións*.

3. CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS

3.1. O estudiantado poderá optar, de ser o caso, ás prazas de prácticas en empresas ofertadas pola súa facultade/escola ou ben poderá propoñer que as prácticas se leven a cabo nunha empresa ou institución da súa elección.

3.2 A empresa ou institución de acollida poderá ser:

- Calquera organización pública ou privada activa no mercado de traballo ou nos ámbitos da educación, a formación ou a xuventude. Por exemplo: Unha empresa pública ou privada, incluídas as empresas sociais.
- Un organismo público, local rexional o nacional.
- Un interlocutor social ou outro representante da vida laboral, incluídas as cámaras de comercio, as asociacións artesanais ou profesionais e os sindicatos.
- Un instituto de investigación.
- Unha fundación.
- Un centro escolar, un instituto ou centro educativo (de calquera nivel, dende preescolar a secundaria alta, incluídas a educación profesional e a educación de adultos).
- Unha organización, asociación ou ONG sen ánimo de lucro.
- Un organismo de asesoramento académico, orientación profesional e servizos informativos.
- Unha Institución de Educación Superior do país do programa titular dunha ECHE.

Os seguintes tipos de institucións non son admisibles como organizacións de acollida:

- As institucións da UE e outros organismos da UE, incluídas as axencias especializadas, cuxa listaxe exhaustiva se pode consultar no sitio WEB https://europa.eu/european-union/contact/institutions-bodies_es#instituciones-y-organismos, as organizacións que xestionen programas da UE, como as Axencias Nacionais, co fin de evitar conflitos de intereses ou dobre financiamento.
- As estadías tampouco poderán ter lugar en embaixadas e representacións diplomáticas do país de orixe do estudante.

3.3. Duración e período

As prácticas *Erasmus+* terán unha duración mínima de 2 meses e máxima de 12. Cada estudante poderá participar no programa *Erasmus+* (estudos e/ou prácticas) por un período máximo de 12 meses por ciclo de estudos (entendéndose por ciclo de estudos: grao, mestrado, terceiro ciclo). As persoas que realizen unha estadía Erasmus durante un Ciclo Formativo de Grao Superior deben ter en conta que o tempo de estadía lles conta para o referido prazo de 12 meses como realizado durante o Grao.

Para os titulados recentes, este período de estadía computa dentro dos 12 meses de participación máxima para o ciclo de estudos no que está matriculado cando solicita a mobilidade.

As prácticas terán que realizarse no período comprendido entre o **01/09/2022** e o **12/05/2023**, cunha dedicación equivalente a tempo completo.

3.4 Recoñecemento das prácticas:

Sempre e cando o estudiantado acade os logros requiridos pola empresa/institución de acollida, a institución de orixe, neste caso a Universidade de Vigo, está obrigada a levar a cabo o recoñecemento académico das prácticas. Os tramites de recoñecemento das prácticas serán iniciados de oficio pola ORI:

O recoñecemento realizarse do seguinte xeito:

- Prácticas extracurriculares Incluirase unha mención da realización das prácticas no expediente académico do alumno.
- Prácticas curriculares en grao e mestrado: Toda a información das prácticas será remitida ao profesorado da materia “Prácticas Externas” coa finalidade de outorgar unha nota ao estudante e incluír a nota na acta. De existir unha comisión específica no centro encargada de decidir sobre a validación das prácticas será esta a responsable de validar as prácticas.
- Titulados Universitarios: Tramitarase o documento *Europass Mobility Document* pola ORI.

4. INCOMPATIBILIDADES

- Non simultanear unha bolsa de estudos coa bolsa *Erasmus+* Prácticas. É posible realizar un período *Erasmus+* Estudos e outro *Erasmus+* Prácticas durante o mesmo curso académico, sempre que se respecte a duración mínima de cada período e queden pechados todos os trámites dunha estadía antes de comezar a seguinte.
- O importe das bolsas en ningún caso poderá de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada, segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

a) Axuda *Erasmus +*

É unha axuda financiada pola UE co obxecto de contribuír a sufragar os gastos adicionais ocasionados pola participación neste programa de mobilidade internacional. Non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos da estadía no estranxeiro.

As bolsas serán de distintas contías segundo o nivel de vida do país de destino.

Con cargo ao proxecto 2020-1-ES01-KA103-078369, financiaranse todas as mobilidades do estudiantado agás as que teñan necesidade especiais. O estudiantado beneficiario dunha bolsa MEFP no curso anterior á realización da estadía percibirá unha axuda adicional segundo a táboa seguinte:

Grupo	Países	Bolsa	Bolsa coa condición de bolseiro MEFP
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia.	400 €/mes	500 €/mes
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.	350 €/mes	450 €/mes
Grupo 3	República de Macedonia do Norte, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República	300 €/mes	400 €/mes

	Checa, Romanía, Serbia e Turquía.		
--	-----------------------------------	--	--

Con cargo ao proxecto 2021-1-ES01-KA131-HED-000010549, financiaranse as mobilidades do estudiantado con necesidades especiais (ter discapacidade superior a un 33 %)

Grupo	Países	Bolsa ata un máximo de 5 meses
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega e Suecia. Países asociados da rexión 14: Islas Feroe, Reino Unido e Suíza.	710 € /mes
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal. Países asociados da rexión 5: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino).	660 € /mes
Grupo 3	República de Macedonia do Norte, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía.	610 € /mes

Financiaranse unicamente **o período de estadía indicado na solicitude de participación**. Se con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes se decide ampliar o período da mobilidade, o estudiantado deberá comunicar á ORI cun prazo mínimo de antelación de 15 días a súa intención de prorrogar para recibir confirmación da posibilidade de ampliación, preparar a documentación necesaria e verificar se existe a posibilidade de ampliación da dotación económica. En todo caso non poderá superar o límite de 12 meses establecido no punto 3. De non comunicalo con tempo suficiente ou de non haber dispoñibilidade orzamentaria, poderá considerarse período de estadía con bolsa cero.

Os pagamentos realizaranse en dous prazos, supeditados á recepción da documentación preceptiva e ao cumprimento das condicións contidas nesta convocatoria, un primeiro prazo polo 80% da contía da bolsa ao inicio da estadía, previa recepción do certificado de chegada, e un segundo e último prazo, pola contía restante tras a entrega dos documentos finais preceptivos ao rematar a estadía.

As axudas obxecto desta convocatoria están suxeitas á retención do IRPF que establece a normativa vixente no caso da realización de prácticas non curriculares e os recién titulados.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de 130.000€ en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

En 2022, na aplicación orzamentaria 2021ORI1121DERA482.10 un total de 80.000 €

En 2023, na aplicación orzamentaria 2022ORI1121DERA482.10 un total de 50.000€

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de transferir fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE a esta partida de bolsas.

No caso de xeración, ampliación ou incorporación de crédito con posterioridade a RR de concesión, e de acordo co disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar o crédito dispoñible. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu

caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. O órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito no Portal de bolsas da WEB da UVigo e nos rexistros xerais da universidade, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver

b) Axudas adicionais de apoio á inclusión:

A Universidade poderá solicitar financiación adicional para participantes cunha discapacidade superior ao 33 % en caso de necesitar transporte especial, acompañantes, gastos de servizos profesionais ou derivados da discapacidade acreditada.

c) Axuda da empresa/institución

A axuda *Erasmus+* será compatible coas achegas en concepto de bolsa, abonos de transporte, comida, descontos en aloxamento, ben en diñeiro ou ben en especie que a empresa/institución voluntariamente aporte.

d) *Erasmus+* Prácticas bolsa cero.

O alumnado beneficiario dunha bolsa Erasmus+ prácticas poderá realizar períodos de prácticas superiores aos meses indicados na solicitude, sen dotación económica (bolsa cero) se non comunica con tempo suficiente (15 días antes da finalización prevista inicial) a súa decisión de prorrogar a estadía ou de non existir dispoñibilidade orzamentaria no momento de solicitar a prórroga.

Os períodos Erasmus+ realizados sen bolsa computan para o máximo de 12 meses definido no artigo 3 desta convocatoria.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas deberán cubrir o seguinte formulario:

Formulario na plataforma *MoveOn*:

1. Cubrir o formulario de participación en liña en:
<https://uvigo.moveon4.de/form/628676d64613621b8d6b86ac/glg> rexistrándose no campo correo electrónico, **co correo de dominio @alumnos.uvigo.es para poder posteriormente iniciar sesión.**
2. Á solicitude haberá que engadir a seguinte documentación:
 - a. *Currículum Vitae Europass* no idioma no que se realizarán as prácticas.
 - b. Carta de preceptación da empresa/institución (Anexo II) na que se inclúa o programa das prácticas, as datas previstas da estadía e a sinatura dos titores por parte da Universidade e a empresa/institución de acollida.
 - c. Informe favorable da persoa titora no que se acredite a relación das prácticas cos estudos da persoa solicitante.
 - d. O estudantado de mestrado /doutorado que non realizase os seus estudos previos na Universidade de Vigo deberá presentar unha certificación académica oficial dos estudos previos de Grao contendo a nota media en base 10 que deberá incluír tamén a nota media da promoción dos estudos nos que se graduou.
 - e. O estudantado que non teña nacionalidade dalgún dos países da UE deberá acreditar a posesión dun permiso de residencia válido en España para todo o período da mobilidade.
 - f. Documentación acreditativa do nivel de lingua, de ser o caso, para a aplicación da puntuación establecida no punto 7 (procedemento de selección).
 - g. Copia do DNI , só no caso de realizar prácticas extracurriculares.

- h. Certificado de recoñecemento do grado de discapacidade de ser igual ou superior ao 33% .

A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través do correo electrónico do dominio @alumnos.uvigo.es

Poderá requirirse aos solicitantes que acheguen aqueles outros documentos que foran precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Importante: O estudantado deberá facilitar como enderezo de correo electrónico o enderezo do dominio *alumnos.uvigo.es* para os efectos de comunicación.

3. Establécense dous prazos de presentación de solicitudes:

1º Periodo de presentación de solicitudes: Estará aberto desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o **28 de xuño do 2022**, ás 23:59 hora peninsular española. As prácticas que se soliciten neste periodo poderán realizarse entre o 01/09/2022 e o 12/05/2023.

2º Periodo de presentación de solicitudes: Estará aberto desde o **1 de setembro do 2022** ata o **30 de setembro do 2022** ás 23:59 hora peninsular española. As prácticas que se soliciten neste período poderán realizarse entre o 1/10/2022 e o 12/05/2023.

7. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A ORI, unha vez recibidas as solicitudes a través de MoveOn, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas a trámite e excluídas**, sinalando os motivos de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte da publicación para emendar os erros e a falta de documentación, presentando as alegacións a través da sede electrónica da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á ORI.

Revisadas as alegacións publicaranse as listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite e excluídas.

A Comisión de avaliación das solicitudes está composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI

Secretaria: Rebeca Cofán Pereiras, Xefa de negociado da ORI

Vogal: Sarai Rodríguez Hervella, Técnica Superior de apoio na ORI

Terán prioridade as persoas solicitantes de prácticas curriculares.

A puntuación obtida por cada persoa candidata será a suma de:

- Nota media ponderada do expediente dos estudos que estea a cursar. No caso de estudos de mestrado, terase en conta a nota media da titulación dende a que accedeu aos ditos estudos. O alumnado que realizara estes estudos fóra da Universidade de Vigo deberá presentar certificación académica que conteña a súa nota media calculada de acordo ao punto 6 da convocatoria, e a nota media da súa titulación correspondente á súa promoción. No caso de que non se entregue a certificación da nota media da promoción utilizarase para facer o cálculo a nota da titulación da Uvigo que teña unha nota media máis alta, por ámbito de coñecemento.

- 0,25 por acreditar coñecementos mínimos de B1 do idioma a empregar para a realización das prácticas. A Universidade aceptará as certificacións Incluídas na seguinte táboa de acreditacións aceptadas por ACLES á que se pode acceder a través do seguinte enlace: <http://www.acles.es/files/ckeditor/certificados-reconocidos-por-acles-por-idioma.pdf>

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á ORI.

Revisadas as alegacións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas e lista de agarda**, á Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. RENUNCIAS

As persoas seleccionadas que decidan renunciar á bolsa, deberán manifestar a súa renuncia a través do formulario habilitado para tal efecto na plataforma *MoveOn* que se colgará no portal de estudantes. O documento deberá ser asinado electrónicamente.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro *Lei Xeral de Subvencións*.

A persoa beneficiaria deberá presentar os documentos oficiais que en relación coa súa bolsa foran requiridos pola Universidade de Vigo ou polo SEPIE, a continuación relaciónanse as principais obrigas do estudantado antes, durante e ao finalizar a estadía de prácticas:

a) Antes da estadía:

- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no momento de realizar as prácticas no caso da opción A. A ORI comprobará este requisito e dará de baixa ás persoas beneficiarias da bolsa que non cumpran este requisito.
 - Seguir todas as indicacións que recibirá da ORI e dos responsables das súas prácticas.
 - Comunicarse coa ORI a través da conta de correo co dominio alumnos.uvigo.es. Enviar as mensaxes unicamente á conta de correo practicas.ori@uvigo.es. Identificarse con nome e apelidos e indicar a mobilidade na que se participa.

- Entregar a ficha de perceptores, de ser necesario, a través do formulario habilitado en MoveOn para tal efecto.
- Asinar electronicamente e enviar a través do formulario habilitado en MoveOn para tal efecto, no portal de estudantes, o correspondente acordo de formación ou *Learning Agreement for Traineeships* antes da súa partida.
- Asinar electronicamente e enviar a través do formulario habilitado en MoveOn para tal efecto, no portal de estudantes, o convenio de subvención entre o estudantado e a Universidade de Vigo antes da súa partida.
- Enviar a través do formulario habilitado en MoveOn para tal efecto, no portal de estudantes, a Tarxeta Sanitaria Europea e un seguro de viaxe que cubra responsabilidade civil privada, accidentes, así como repatriación. É preciso presentar proba da subscrición do seguro antes do inicio das prácticas con indicación das datas de cobertura, que deberán cubrir o período íntegro da estadía. A ORI proporá aos alumnos seguros coas coberturas requiridas.
- Realizar a proba de nivel obrigatoria do idioma OLS (*Online Linguistic Support*) que empregarán como idioma de prácticas. Para esta proba ao alumnado recibirá un correo cunha invitación para dita proba. Os resultados non impedirán que poida realizar a estadía de mobilidade.
- De ser necesario visado, é responsabilidade do estudantado beneficiario aboar os seus gastos, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios. **No caso de Reino Unido** é necesario ter en conta que se precisa un mínimo de tres meses para obter a documentación para poder realizar a estadía. O visado enviarase a través do formulario habilitado en MoveOn para este efecto que se atopará no portal de estudantes.

Comunicar calquera modificación dos datos inicialmente indicados na carta de aceptación (Anexo II).

b) Durante a estadía:

- Enviar a través do formulario habilitado en MoveOn para este efecto, no portal de estudantes, o certificado de chegada (**Arrival Form**) asinado polo titor das prácticas, que serve como xustificante de inicio das prácticas.
- Comunicar á ORI calquera modificación do prazo de estadía na empresa/institución especificado no acordo de formación e no convenio de subvención cunha antelación mínima de un mes á data prevista de finalización no convenio de subvención asinado. No caso de ampliación, comprobar se o novo período está cuberto pola póliza de seguro inicial, de non ser así, solicitar a ampliación da cobertura á compañía de seguros e enviar constancia á ORI.
- Realizar as prácticas na empresa/institución de destino segundo o acordo de formación subscrito.
- Respetar as normas, usos e costumes propios que rexen na empresa/institución e no país de destino.
- Manter as condicións que deron lugar á concesión da bolsa durante todo o período de prácticas.
- Realizar o curso de idioma OLS (*Online Linguistic Support*) no caso de que lle fose adxudicado.
- Estar matriculado/a durante todo o período de realización das prácticas, excepto para alumnado que realice as prácticas como titulado.

c) Ao finalizar a estadía:

- As persoas beneficiarias acreditarán a estadía efectiva así como a súa duración mediante un certificado orixinal de fin de estadía (**After the Mobility**). Para ser válido, este certificado

deberá ser asinado pola persoa responsable na entidade de acollida e incluír o selo oficial da devandita institución. Este certificado deberá enviarse a través do formulario habilitado en MoveOn para tal efecto.

- As persoas participantes deberán cubrir a enquisa da *Mobility Tool*.
- Seguir as instrucións da ORI con respecto á inclusión das prácticas no seu expediente académico ou tramitación do *Europass Mobility Document*.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

11. REINTEGRO

A concesión destas bolsas e a permanencia nas listaxes de agarda poden ser revogadas polos seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte das persoas beneficiarias das contías incorrectamente percibidas:

- Que non se leve a cabo a estadía ou parte dela, salvo causas de forza maior.
- Que se produza a alteración das condicións que se tiveran en conta para concesión da axuda.
- Que non se observen as obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Que exista ocultación de datos, alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- Que a persoa beneficiaria incorra en causas de incompatibilidade sobrevidas.

12. SINATURA ELECTRÓNICA

O alumnado deberá asinar a documentación que proceda mediante sinatura electrónica, polo que o alumnado deberá solicitar, se non o ten, o certificado de persoa física ou posuír un lector de DNI electrónico.

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/institucional/sede/manual_cidadania_FNMT_gl.pdf

DISPOSICIÓN FINAL

As condicións establecidas nesta convocatoria correspóndese coa información dispoñible no momento da súa publicación. Calquera modificación que, con motivo do establecemento de condicións non contempladas na mesma veña determinada pola Comisión Europea, o SEPIE, ou o MEFP comunicarse ás persoas interesadas e publicarse na páxina WEB da Universidade.

Para o non disposto nesta convocatoria ou para a súa interpretación, atenderase á normativa Europea que rexe o programa *Erasmus+* e subsidiariamente á normativa de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo e ao regulamento de Prácticas da Universidade de Vigo.

GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para anexar a documentación requirida no formulario de solicitude en MoveOn.

Documentación para achegar coa solicitude	
CV Europass	cv- apelido1-apelido2-nome/s
Carta de pre-aceptación da empresa/institución	Preacceptacion-apelido1-apelido2-nome/s
Informe titor/as	Informetitor- apelido1-apelido2-nome/s

Certificación académica, se procede	tor- apelido1-apelido2-nome/s
Acreditación nivel de lingua, se procede	cid-apelido1-apelido2
Copia do DNI, se procede	dni- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado de recoñecemento da discapacidade	
Documentación para achegar unha vez seleccionados	
Renuncia	re- apelido1-apelido2-nome/s
Ficha de perceptores	banco- apelido1-apelido2-nome/s
Visado, se procede	vis- apelido1-apelido2-nome/s
Tarxeta Sanitaria Europea	ts- apelido1-apelido2-nome/s
Póliza do Seguro	seg- apelido1-apelido2-nome/s
Documentación para achegar antes ou durante a estadía	
Documento de ampliación da estadía (de ser o caso)	amp- apelido1-apelido2-nome/s
Documento de chegada a destino (arrival form)	dll- apelido1-apelido2-nome/s